CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE 2016

TÍTULO I. NORMAS XERAIS

BASE 1ª.- NORMAS LEGAIS E REGULAMENTARIAS

A actividade económico-financeira do Concello de Porto do Son axustarase ao previsto nas normas legais, regulamentarias e demais disposicións de carácter xeral que regulan a citada actividade no ámbito das Corporacións locais, e polas presentes bases de execución do orzamento, redactadas en virtude do disposto no artigo 165.1.b) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais e o artigo 9.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

BASE 2ª.- ÁMBITO DE APLICACIÓN

Estas bases serán aplicables á actividade económico-financeira do Concello de Porto do Son.

A vixencia temporal destas bases coincide coa do orzamento, é dicir, o exercicio 2016 e, no seu caso, da súa prórroga.

BASE 3ª.- INTERPRETACIÓN

As dúbidas que poidan xurdir na aplicación destas bases serán resoltas pola Alcaldía, logo do informe de Secretaría e/ou Intervención, segundo proceda.

TÍTULO II. O ORZAMENTO PARA O ANO 2016 E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

CAPÍTULO 1. CONTIDO E ESTRUTURA ORZAMENTARIA

BASE 4ª.- ESTRUTURA ORZAMENTARIA

O orzamento do concello para o exercicio 2016, presentarase de conformidade coa estrutura orzamentaria prevista na Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

En consecuencia, os créditos incluídos no estado de gastos do orzamento preséntanse co seguinte detalle:

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Clasificación por programas a nivel de grupo de programa, con carácter xeral e en determinados supostos, cando así se contemple na estrutura orzamentaria prevista na Orde EHA/3565/2008, a nivel de programa.

- **Clasificación económica** a nivel de subconcepto.

A aplicación orzamentaria, da que a expresión cifrada constitúe o crédito orzamentario, ven definida pola conxunción das clasificacións por programas e económica.

O rexistro contable dos créditos, das súas modificacións e das operacións de execución do gasto, realizarase sobre a aplicación orzamentaria correspondente.

BASE 5ª.- CONTIDO DO ORZAMENTO

O expediente do orzamento xeral conterá os seguintes documentos:

-Memoria da Alcaldía
-Estado de gastos e ingresos
-Liquidación do orzamento de 2014
-Avance liquidación do orzamento de 2015
-Anexo de persoal
-Bases de execución do orzamento
-Anexo de investimentos
-Anexo de beneficios fiscais en tributos locais contendo información detallada dos beneficios fiscais e a súa incidencia nos ingresos da entidade local
-Anexo con información relativa aos convenios subscritos coa Comunidade Autónoma galega en materia de gasto social
-Informe económico-financeiro
-Anexo da débeda
-Informe da Intervención municipal

CAPÍTULO 2. OS CRÉDITOS E PREVISIÓNS INICIAIS E A PRÓRROGA ORZAMENTARIA

BASE 6ª. NIVELACIÓN DO ESTADO DE GASTOS E INGRESOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL

O orzamento municipal ascende á cantidade de 7.055.959,71 € no estado de gastos e de 7.055.959,71 € no estado de ingresos.

BASE 7ª. FINANCIAMENTO DOS CRÉDITOS DO ORZAMENTO MUNICIPAL

Os créditos do estado de gastos financiaranse con:

a) Dereitos económicos correntes derivados de recursos propios a liquidar durante o exercicio que se estiman en 3.548.381,05 € (Capítulos I, II, III, V, e VI).

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

b) Transferencias correntes que se especifican no estado de ingresos do orzamento municipal e que ascenden a 2.557.706,12 € (Capítulo IV).
c) Transferencias de capital que se recollen no estado de ingresos do orzamento municipal e que ascenden a 919.822,54 € (Capítulo VII).
d) Activos financeiros que se recollen no estado de ingresos para as devolucións de anticipos de persoal e que ascenden a 30.050,00 € (Capítulo VIII)
e) Endebedamento, que se recollen no estado de ingresos do orzamento municipal e que ascenden a 0,00 € (Capítulo IX)

BASE 8ª. PRÓRROGA ORZAMENTARIA

Se ao iniciarse o exercicio económico de 2017 non entrase en vigor o orzamento correspondente a tal exercicio, considerarase automaticamente prorrogado o do ano 2016, ata o límite dos seus créditos iniciais.

A prórroga non afectará aos créditos para gastos correspondentes a servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou estean financiados con operacións crediticias ou outros ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse no dito exercicio.

Os ingresos específicos ou afectados que exclusivamente foran a percibirse no exercicio anterior e causaran a baixa correspondente nos créditos iniciais, poderán minorarse das previsións iniciais do orzamento prorrogado.

No caso de que unha vez axustados á baixa os créditos iniciais do orzamento, se obtivese unha marxe en relación co límite global dos créditos iniciais de referencia, poderanse realizar axustes á alza nos créditos do orzamento prorrogado cando concorran simultaneamente as seguintes circunstancias:

a) Que existan compromisos firmes de gastos a realizar no exercicio corrente que correspondan a unhas maiores cargas financeiras anuais xeradas por operacións de crédito autorizadas nos exercicios anteriores.
b) Que a marxe dos créditos non incorporables, relativo á dotación de servizos ou programas que concluísen no exercicio inmediato anterior, permita realizar o axuste correspondente ata acadar o límite global sinalado, aínda que só se poidan dotar parcialmente os maiores compromisos vinculados ao reembolso das operacións de crédito correspondentes.

Igualmente, poderanse acumular na correspondente resolución acordos sobre a incorporación de remanentes de crédito na forma prevista nos artigos 47 e 48 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Os axustes de crédito determinados nos parágrafos precedentes deberán ser obxecto de imputación ás correspondentes aplicacións orzamentarias do orzamento prorrogado mediante resolución motivada dictada polo presidente da Corporación, tralo informe da Intervención municipal.

Mentres dure a vixencia desta prórroga poderán aprobarse as modificacións orzamentarias previstas polo texto refundido da Lei das facendas locais.

Aprobado o orzamento, deberán efectuarse os axustes necesarios para dar cobertura ás operacións efectuadas durante a vixencia do orzamento prorrogado.

CAPÍTULO 3. RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS E AS SÚAS MODIFICACIÓNS

CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Sección 1ª. RÉXIME XERAL DOS CRÉDITOS INICIAIS

BASE 9ª. NORMAS XERAIS: LIMITACIÓN DOS CRÉDITOS CUANTITATIVA, CUALITATIVA E TEMPORAL

Os créditos para os gastos destinaranse exclusivamente á finalidade específica para a que foron autorizados no orzamento municipal.

Os créditos do estado de gastos teñen carácter limitativo e vinculante, sen que poidan adquirirse compromisos de gastos en contía superior ao importe autorizado. Os acordos que infrinxan esta limitación incorrerán nunha causa de nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos correspondentes, de conformidade co disposto nos artigos 173.5 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e 25.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, que a desenvolve.

O cumprimento das limitacións expresadas no parágrafo anterior deberá verificarse ao nivel de vinculación xurídica que se sinala na seguinte base.

Con cargo aos créditos do estado de gastos do orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural. Non obstante, aplicaranse aos créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

a) As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ao orzamento municipal e, gastos de persoal, en xeral.
b) As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores. No suposto previsto no artigo 47.5 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril requirirase a previa incorporación dos créditos correspondentes.
c) As obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, relativas ao recoñecemento extraxudicial de créditos, nos termos da base de execución 27ª.

BASE 10ª.- VINCULACIÓNS XURÍDICAS

Aos efectos do previsto na base anterior e en virtude do disposto no art. 28 do RD 500/90 do 20 de abril (R.P.), establécense as seguintes vinculacións:

a) Con carácter xeral:

-Clasificación por programas: política de gasto
-Clasificación económica: capítulo

b) Para as aplicacións orzamentarias pertencentes á política de gasto 33, o nivel de vinculación xurídica é:

-**Clasificación por programas:** grupo de programa
-Clasificación económica: capítulo

BASE 11ª.- CREACIÓN DE APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS DENTRO DUN NIVEL DE VINCULACIÓN

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Nos casos nos que, ao existir dotación orzamentaria para un ou varios conceptos dentro do nivel de vinculación establecido, se pretenda imputar gastos a outros conceptos ou subconceptos do mesmo nivel de vinculación no que non figuren abertas na contabilidade aplicacións orzamentarias de gastos, non será precisa previa operación de transferencia de crédito para a súa creación e imputación de gastos.

BASE 12ª. SITUACIÓNS DOS CRÉDITOS

Consonte co artigo 30 RD 500/1990, os créditos consignados no orzamento de gastos e os derivados das modificacións orzamentarias atoparanse en calquera das situacións seguintes:

a) Créditos dispoñibles
b) Créditos retidos pendentes de utilización
c) Créditos non dispoñibles

BASE 13ª. CRÉDITOS DISPOÑIBLES

En principio, todos os créditos iniciais atoparanse na situación de créditos dispoñibles. A devandita dispoñibilidade quedará condicionada, de acordo co artigo 173.6 TRLFL, a:

a) A existencia de documentos fidedignos que acrediten compromisos firmes de achega, en caso de axudas, subvencións, doazóns ou outras formas de cesión de recursos por terceiros que se tiveron en conta nas previsións iniciais do orzamento a efecto da súa nivelación e ata o importe previsto nos estados de ingresos en orde á afectación dos devanditos recursos na forma prevista pola lei ou, no seu caso, ás finalidades específicas das achegas a realizar.
b) A concesión das autorizacións previstas no artigo 53 TRLFL, de conformidade coas regras contidas no capítulo 6 do título primeiro do TRLFL, no caso de que existan previsións iniciais dentro do capítulo 9 do estado de ingresos.

A non dispoñibilidade dos créditos derivada dos supostos anteriores opera *ex lege*, de modo que non require de acordo plenario para que a non dispoñibilidade sexa efectiva e poida reflectirse contablemente.

En tanto non entre en vigor a Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola utilización da piscina municipal climatizada e o novo ximnasio municipal, decláranse tamén indispoñibles os créditos consignados na aplicación orzamentaria 342.22799 por importe de 129.080,00 €, importe ao que ascende a previsión de ingresos por aquel concepto.

BASE 14ª. RETENCIÓN DE CRÉDITOS

A retención de créditos é o acto polo que a Intervención Municipal expide unha certificación de existencia do saldo suficiente en relación a unha aplicación orzamentaria e para a autorización dun gasto, dunha transferencia de crédito, baixa por anulación de créditos ou para a declaración de non dispoñibilidade de créditos.

Supostos nos que a Intervención Municipal realiza retencións de crédito

- De oficio:
  - No caso de gastos de trato periódico e sucesivo non comprometidos, sempre que teña información axeitada e suficiente.

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

- Na xestión orzamentaria dos gastos con financiamento afectado, co fin de garantir a aplicación dos ingresos afectados aos gastos correspondentes.
- Cando por aplicación dalgunha norma xurídica proceda a inmobilización de créditos de gasto ou a súa non dispoñibilidade e non se adoptase o acordo plenario correspondente.

➢ A instancia de parte: Tanto o alcalde como os concelleiros poderán solicitar por escrito a certificación de existencia de crédito axeitado e suficiente para a realización das actividades das que son responsables.

A verificación de suficiencia de saldo de crédito dispoñible deberá efectuarse aos seguintes niveis de vinculación xurídica:

- No caso de expedientes de transferencias de crédito: a nivel de aplicación orzamentaria.
- Con carácter xeral: ao nivel de vinculación xurídica, de acordo coa base de execución 10ª.

BASE 15ª. CRÉDITOS NON DISPOÑIBLES

A non dispoñibilidade do crédito derívase do acto mediante o cal se inmobiliza a totalidade ou parte do saldo de crédito dunha aplicación orzamentaria, declarándoo como non susceptible de utilización.

Os créditos non dispoñibles, así como a súa reposición a dispoñibles, serán declarados polo Pleno da Corporación. Así mesmo, os créditos iniciais que non cumpran os condicionantes indicados na base de execución 13ª estarán en situación de non dispoñibilidade por imperativo legal, de acordo co artigo 173.6 TRLFL, sen necesidade de acordo plenario.

Con cargo ao saldo declarado non dispoñible non poderán acordarse autorizacións nin transferencias e o seu importe non se poderá incorporar ao orzamento do exercicio seguinte.

Sección 2ª. MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

BASE 16ª.- NORMAS COMÚNS ÁS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

Confeccionarase un expediente de modificación orzamentaria, cando haxa que realizar un gasto para o que non exista crédito suficiente na aplicación orzamentaria nin na bolsa de vinculación do orzamento. Nestes expedientes cumpriranse os seguintes requisitos:

- Proposta razoada da necesidade que motiva a modificación, valorando a incidencia que esta pode ter na consecución dos obxectivos no momento de confeccionar o orzamento.
- Todo expediente de modificación orzamentaria será informado pola Intervención Municipal.
- As modificacións aprobadas polo Pleno non serán executivas ata que non se cumpran os trámites que esixe a aprobación do orzamento.
- As modificación aprobadas por un órgano distinto do Pleno, serán executivas dende a adopción do acordo.
- Para os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, deberá comprobarse o cumprimento do obxectivo de estabilidade nos termos dos artigos 16 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

BASE 17ª.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTO DE CRÉDITO

Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito que se tramiten durante a vixencia do orzamento ateranse ás normas establecidas no artigo 177 do texto refundido da Lei das facendas locais e os artigos 35 ao 38 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e os contemplados na presente base.

1.- Definición

Tramitaranse expedientes de crédito extraordinario ou suplemento de crédito, cando se teña que realizar un gasto específico e determinado que non é posible demorar ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito ou o existente resulta insuficiente ou non ampliable ao consignado, respectivamente.

2.- Financiamento

Os créditos extraordinarios e os suplementos de crédito, poderanse financiar indistintamente con algún ou algúns dos seguintes recursos:

- O remanente de tesourería.
- Os novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos nalgún concepto do orzamento corrente, de acordo coa consulta da IXAE 2/94.
- Mediante anulacións ou baixas de créditos de outras partidas do orzamento vixente non comprometidas, nas que as dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.
- Os recursos procedentes de operacións de crédito, no caso de que se trate dun gasto de capital.
- Excepcionalmente, consideraranse recursos efectivamente dispoñibles para financiar este tipo de modificacións orzamentarias relativas a gastos correntes, os procedentes de operacións de crédito cando se dean as circunstancias do artigo 177.5 do Real Decreto 2/2004 e 36.3 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril:

    - Que a modificación se refira a gastos correntes que sexan declarados expresamente necesarios e urxentes.
    - Recoñecemento polo Pleno por maioría absoluta do número legal dos membros da Corporación, da insuficiencia doutros medios de financiamento.
    - O importe total anual da devandita operación de crédito non debe superar o 5 por 100 dos recursos por operacións correntes do orzamento da entidade.
    - A carga financeira total da entidade, calquera que sexa a súa natureza, incluída a derivada das operacións en tramitación, non debe superar o 25 por 100 dos expresados recursos.
    - As operacións deben quedar canceladas antes de que se proceda á renovación da Corporación que as concerte.

Entenderase por carga financeira a existente a comezo do exercicio, calculada en función dos dereitos liquidados correntes do exercicio inmediato anterior.

3.-Tramitación

Os expedientes serán iniciados por orde da Alcaldía.

3.1.- No expediente deberá constar a memoria xustificativa da necesidade da medida,que deberá precisar:

- A clase da modificación a realizar
- Necesidade da medida

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

- As aplicacións orzamentarias ás que afecta
- Os medios ou recursos que haxan de financiar a modificación

Así mesmo, a memoria deberá acreditar:

- O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores
- A inexistencia no estado de gastos de crédito destinado á dita finalidade específica, no caso do crédito extraordinario, ou a insuficiencia do saldo de crédito non comprometido na aplicación orzamentaria correspondente, no caso do suplemento de crédito. A dita inexistencia ou insuficiencia de crédito deberá verificarse no nivel de vinculación xurídica correspondente
- No caso de que o medio de financiamento se corresponda con novos ou maiores ingresos sobre os previstos, que os restantes ingresos veñen efectuándose con normalidade, salvo que aqueles teñan carácter finalista
- No caso excepcional de financiamento para gastos correntes con operación de crédito, deberá acreditarse a insuficiencia dos medios xerais previstos anteriormente.

3.2.- A proposta de modificación, logo do informe da Intervención, será sometida polo alcalde á aprobación do Pleno da Corporación.

3.3.- Serán de aplicación á tramitación dos expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito as normas sobre información, reclamación e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos. Igualmente, serán aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos.

BASE 18ª.- AMPLIACIÓN DE CRÉDITO

1.- Definición

A ampliación de crédito é a modificación á alza do orzamento de gastos que se concreta no aumento de crédito orzamentario nalgunha das aplicacións orzamentarias ampliables que se citan a continuación en función dos recursos afectados correspondentes, despois do cumprimento dos requisitos que se indican.

Considéranse aplicacións orzamentarias ampliables as seguintes:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	SUBCONCEPTO DE INGRESOS
920.83000 (anticipos ao persoal)	83000 (Anticipos ao persoal)
Subconcepto de gastos: A relativa ao gasto obxecto de indemnización. Programa de gasto: O relativo ao gasto obxecto de indemnización.	39904 (Indemnizacións por danos)
Subconcepto de gastos: 22504 (Tributos repercutibles a terceiros). Programa de gasto: O relativo á area á que se imputa o tributo repercutible.	39906 (Tributos a cargo de particulares)
133.22799 (Servizo de retirada e depósito de vehículos)	32600 (Taxa polo servizo de inmobilización, retirada e depósito de vehículos)
164.22799 (Servizos de enterramento)	30900 (Taxa por servizos fúnebres)
334.22606 (Cursos da área de Cultura) 231.22606 (Cursos da área de Servizos Sociais)	34900 (Prezo público por cursos ou actividades socioculturais)
934.22708 (Servizo de recadación)	11200 (IBI rústica) 11300 (IBI urbana) 11400 (IBI ICE) 11500 (IVTM)

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

	11600 (IIVTNU) 13000 (IAE) En tanto se manteña a delegación da súa recadación
334.22799 (Escola de música e baile)	31901 (Taxa pola escola de baile) e 31902 (Taxa pola escola de música)
160.62305 (Pola obra da conexión á rede de saneamento)	30101 (Taxa de saneamento-obra da conexión)
133.60900 (Adquisición de sinais de vaos e/ou reservas de vía pública) 133.61900 (Reposición de sinais de vaos e/ou reservas de vía pública)	33100 (Taxa por sinal de vaos e reservas de vía pública)

No caso dos anticipos de persoal, a contabilización do dereito recoñecido de ingresos terá lugar no momento no que naza o dereito ao reembolso, é dicir, coa aprobación da nómina na que se produza a compensación total ou parcial do anticipo e pola contía que corresponda.

2.- Financiamento

O financiamento da ampliación de crédito consistirá nos recursos afectados relacionados no punto anterior para cada aplicación orzamentaria. Os ditos ingresos deberán estar acreditados co seu recoñecemento en firme sobre os previstos no orzamento de ingresos que se atopen afectados ó crédito que se pretende ampliar.

3.- Tramitación

3.1.- O inicio do expediente virá iniciado mediante providencia da Alcaldía, que deberá especificar:

- A aplicación ou aplicacións orzamentarias de gastos que se propoñen ampliar, así como o seu importe.
- Os medios ou recursos definidos anteriormente que vaia financiar o maior gasto, extremo que deberá acreditarse co recoñecemento en firme de maiores dereitos sobre os previstos no orzamento de ingresos que se atopen afectados ao crédito que se pretende ampliar.

3.2.- A resolución do expediente, tralo informe da Intervención, corresponderalle á Alcaldía, sen prexuízo das delegacións que se aproben.

BASE 19ª.- TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO

1.- Definición

Procederá tramitar unha transferencia de crédito, cando se teña que realizar un gasto para o que na aplicación orzamentaria ou bolsa de vinculación correspondente non exista consignación suficiente e resulte posible minorar crédito doutras aplicacións correspondentes a diferentes niveis de vinculación xurídica, sen alterar o importe do orzamento.

Cando sexa posible optar entre unha transferencia de crédito, se o órgano competente é o alcalde, e entre un crédito extraordinario ou suplemento de crédito, será posible xustificar a elección da transferencia de crédito en base ao principio de eficacia administrativa.

2.- Limitacións.

As transferencias de crédito estarán suxeitas ás limitacións previstas no artigo 180 TRLFL.

3.- Tramitación.

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Os expedientes de transferencias de crédito tramitaranse por Intervención a proposta do alcalde. Estes expedientes, unha vez sexan informados por Intervención, serán aprobados por:

a) O Pleno da Corporación, logo do ditame da Comisión Informativa cando se trate de transferencias entre distintos grupos de función, excepto cando afecten a créditos de persoal. Cando a transferencia sexa aprobada polo Pleno a tramitación do expediente será idéntica á seguida para a aprobación do orzamento, sendo de aplicación, así mesmo, as normas aplicables sobre réxime de recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos do concello.

b) O presidente da Corporación, sen prexuízo das delegacións que este leve a cabo, cando:

- Trátanse de transferencias dentro da mesma área de gasto.
- As transferencias de crédito afectan nas súas altas e baixas a créditos de gastos de persoal.

De acordo co disposto no art. 32.1 do RD 500/90. "En todo expediente de transferencia de crédito será requisito indispensable para a súa tramitación a previa certificación de existencia de crédito suficiente na partida correspondente que deba ceder crédito". Esa certificación expedirase pola Intervención, para iso remitirase o correspondente documento contable "RC", de acordo coa base de execución 14ª.

BASE 20ª.- XERACIÓN DE CRÉDITOS POR INGRESOS

1.- Definición e financiamento

Poderán xerar créditos nos estados de gastos do orzamento os ingresos de natureza non tributaria derivados das operacións seguintes:

a) Achegas ou compromisos firmes de contribución, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, conxuntamente co concello, gastos que pola súa natureza están comprometidos nos fins ou obxectivos dos mesmos, definidos nos artigos 45 e 46 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

b) Alleamentos de bens do concello.

En ámbolos dous supostos será requisito indispensable para que se xere o crédito, que se dea o acto formal do compromiso firme de achega, ou o recoñecemento do dereito, extremo que deberá ser acreditado por Intervención.

c) Prestacións de servizos polo que se teña liquidado prezos públicos en contía superior á prevista nos conceptos correspondentes do estado de ingresos.

d) Reembolsos de préstamos.

Nestes dous supostos o crédito xerarase no momento do recoñecemento do dereito, aínda que a dispoñibilidade dos ditos créditos estará condicionada á efectiva recadación dos dereitos, extremos que deberán ser acreditados pola Intervención.

e) Os importes procedentes de reintegros de pagamentos indebidos con cargo ao orzamento corrente, en canto a reposición de crédito na correlativa aplicación orzamentaria.

Neste suposto será requisito indispensable, para a reposición do saldo de crédito, a efectividade do reintegro, extremo que deberá ser acreditado pola Intervención.

Tamén será posible a tramitación dunha xeración de crédito cando un gasto inicialmente financiado con cargo aos recursos propios do concello ou con cargo a endebedamento, posteriormente obtén financiamento por parte dalgún dos supostos anteriores. Neste caso, a xeración de crédito terá por obxecto liberar os recursos propios ou endebedamento inicialmente imputado a ese gasto e, polo tanto, poder destinalo a outra finalidade. No caso de que se trate dun préstamo haberá que ter en conta as normas relativas aos cambios de finalidade.

2.- Tramitación.

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

Os expedientes de xeración de crédito tramitaranse por Intervención a proposta do alcalde, a quen lle corresponde a súa aprobación, sen prexuízo das delegacións que este realice.

BASE 21ª.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO

1.- Supostos de incorporación.

Aínda que o suposto xeral é o de nulidade dos remanentes de crédito –artigo 99 Real decreto 500/1990, do 20 de abril- poderán incorporarse aos correspondentes créditos dos orzamentos de gasto do exercicio inmediatamente seguinte, os remanentes de crédito non utilizados procedentes de:

a) Os créditos extraordinarios e suplementos de crédito, así como as transferencias de crédito que fosen concedidos ou autorizados, respectivamente no último trimestre do exercicio.

b) Os créditos que amparen compromisos de gasto do exercicio anterior definidos no artigo 26.2.b) do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

c) Os créditos por operacións de capital.

d) Os créditos autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.

2.- Supostos de non incorporación

Non serán incorporables:

a) Os créditos declarados non dispoñibles

b) Os remanentes de crédito xa incorporables no exercicio precedente.

Non obstante, os remanentes de crédito que amparen proxectos financiados con ingresos afectados deberán incorporarse obrigatoriamente sen que lles sexa de aplicación as regras de limitación no número de exercicios, salvo que se desista total ou parcialmente de iniciar ou continuar a execución do gasto ou que se faga imposible a súa realización.

3.- Tramitación. Para efectuar as incorporacións que se detallan no nº 1 desta base será indispensable a instrución do preceptivo expediente, e o órgano competente para a súa resolución é o alcalde, sen prexuízo das delegacións que este realice.

Aos efectos de calcular os remanentes de crédito, cando nunha aplicación orzamentaria existan determinados gastos en fase O, resultando un remanente de crédito e non exista un criterio que permita imputar os gastos realizados –fase O- a unha determinada modificación orzamentaria ou aos créditos iniciais, os gastos que chegaran ata a fase O imputaranse de acordo co seguinte:

- Cando a modificación sexa unha incorporación de remanentes de crédito, en primeiro lugar a esta.
- Cando a modificación non sexa unha incorporación de crédito, en primeiro lugar aos créditos iniciais.

BASE 22ª.- BAIXAS POR ANULACIÓN

1.- Definición.

A baixa por anulación é a modificación do orzamento de gastos que supón unha diminución total ou parcial no crédito total asignado a unha aplicación orzamentaria. Calquera crédito do orzamento de gastos poderá darse de baixa por anulación ata que a contía correspondente ó saldo do crédito sempre que a dita dotación se estime reducible ou anulable sen perturbación do funcionamento do servizo.

2.- Supostos

Poderán dar lugar a unha baixa de créditos:

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

a) O financiamento de remanentes de tesourería negativos.
b) O financiamento de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.
c) A execución doutros acordos do Pleno.

3.- Tramitación. Na tramitación dos expedientes de baixa por anulación seguiranse os seguintes pasos:

a) Iniciación do expediente pola Alcaldía.
b) Serán de aplicación á tramitación dos expedientes de baixas por anulación as normas sobre información, reclamación e publicidade aplicables á aprobación dos orzamentos. Igualmente, serán aplicables as normas referentes aos recursos contencioso-administrativos contra os orzamentos.

TÍTULO III. EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO

CAPÍTULO 1. NORMAS XERAIS SOBRE EXECUCIÓN E LIQUIDACIÓN

BASE 23ª. FASES DA XESTIÓN DO ESTADO DE GASTOS

A xestión dos créditos incluídos no estado de gastos do orzamento municipal realizarase nas seguintes fases:

a. Retención de crédito
b. Autorización do gasto
c. Disposición ou compromiso do gasto
d. Recoñecemento ou liquidación da obriga
e. Ordeación do pagamento
f. Pagamento material

Tales fases terán o carácter e contido definido nos artigos 54 ao 61 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril.

BASE 24ª.- AUTORIZACIÓN E DISPOSICIÓN DE GASTOS

A competencia para autorizar e comprometer gastos determínase de acordo co seguinte:

A) O alcalde, sen prexuízo das posibles delegacións de competencias:
- Os que expresamente lle están atribuídos polas leis e os que estas asignen ao Municipio sen determinar expresamente o órgano.
- Sen prexuízo do parágrafo anterior, os gastos cun importe non superior ao 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

B) O Pleno:
- Os que expresamente lle están atribuídos polo ordenamento xurídico.
- En defecto de regulación da competencia, aqueles gastos que, na súa totalidade, superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.
- Os que supoñan o recoñecementos extraxudiciais de créditos, nos termos que sinala o art.60.2, do RD 500/1990, do 20 de abril e a base de execución 27ª.

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

BASE 25ª.- AUTORIZACIÓN, DISPOSICIÓN E OBRIGAS SIMULTÁNEAS

Supostos de autorización e disposición simultánea do gasto (**AD**):

1. **Adxudicación de contratos menores**: coa resolución de adxudicación contabilizarse un AD polo importe da anualidade do exercicio corrente.
2. **Gastos plurianuais**: ao inicio do exercicio que, nun principio era futuro e agora pasa a ser corrente, deberá contabilizarse un AD pola anualidade dese exercicio. Nos contratos de trato sucesivo que na adxudicación non foron configurados como gastos plurianuais, contabilizaras un AD ao inicio do exercicio polo importe estimado ou exacto da anualidade.
3. **Remanentes de crédito comprometidos**: ao inicio do exercicio deberán contabilizarse os AD naquelas aplicacións orzamentarias que presentan un saldo de crédito comprometido no exercicio anterior e que continúe a súa execución.
4. **Gastos de persoal**: ao inicio do exercicio deberán contabilizarse os AD nas aplicacións orzamentarias de persoal polas retribucións estimadas do persoal funcionario nomeado e laboral contratado.
5. **Subvencións:** no caso de subvencións non concedidas baixo o réxime de concorrencia competitiva no momento da resolución de concesión.

Supostos de autorización, disposición e liquidación simultánea do gasto pola Alcaldía (**ADO**):

1. **Facturas e aprobación doutros xustificantes de gasto:** No momento da súa aprobación cando non hai previamente un gasto comprometido.
2. **Subvencións:** cando nun mesmo acto concédese a subvención e se aproba a súa conta xustificativa.
3. **Pagamentos a xustificar:** cando se autoriza un pagamento a xustificar e o órgano competente para a autorización e compromiso do gasto é o alcalde.
4. **Anticipos de caixa fixa:** cando se aproba a reposición de fondos coa aprobación da conta xustificativa.
5. **Anticipos de nómina de carácter orzamentario:** cando se aproba un anticipo de nómina de carácter orzamentario.
6. **Axudas sociais:** a resolución do órgano competente que aproba as ditas axudas.
7. **Outros:** en todos aqueles nos que coincide no mesmo acto administrativo a autorización, compromiso e liquidación do gasto.

BASE 26ª.- RECOÑECEMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

Correspóndelle ao alcalde, ou órgano no que delegue, o recoñecemento e a liquidación de obrigas derivadas dos compromisos de gastos legalmente adquiridos, sen prexuizo da regulación do recoñecemento extraxudicial de créditos prevista na base de execución 27ª.

Será requisito necesario para levar a cabo o recoñecemento da obriga a incorporación ao expediente dos seguintes documentos:

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

- Contratos: a factura expedida polo contratista, cos requisitos previstos na normativa de facturación. Nos contratos de obra, ademais a relación valorada e a certificación de obra emitidas pola dirección facultativa.
- Servizos de entidades públicas de natureza administrativa que están retribuídos por un ingreso público (taxa ou prezo público): a notificación da liquidación dese ingreso.
- Cotas de socio a entidades: a comunicación ou liquidación da cota.
- No caso de axudas ou subvencións: a conta xustificativa correspondente. No caso de axudas que se determinan a través da aplicación dun baremo, a documentación que xustifique a cuantificación dos elementos dese baremo.
- No caso das cotas de préstamos (amortización e/ou xuros) ou outros gastos financeiros que se carguen nas contas bancarias pola entidade financeira correspondente, bastará a conformidade da Alcaldía no xustificante do gasto para entender aprobado a autorización e compromiso do gasto, así como o recoñecemento da obriga, sen que sexa precisa unha resolución. A imputación orzamentaria dese gasto realizarase con efectos do día do seu cargo na Tesourería.

BASE 27ª.- RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE CRÉDITOS

1.- Concepto

O recoñecemento extraxudicial de créditos consiste no recoñecemento de obrigas por parte do órgano competente derivados dos gastos correspondentes a prestación de exercicios anteriores, salvo os previstos na base de execución 9ª.

2.- Órgano competente

2.1.- O alcalde, ou órgano no que este delegue:

a) Cando se trate de gastos de persoal vindicados en exercicios pechados, o alcalde, ou órgano no que delegue, poderá aprobar recoñecemento da obriga e liquidación de crédito pola dita débeda, sen necesidade de tramitar un recoñecemento extraxudicial.

b) No caso de gastos de exercicios pechados distintos dos de persoal, o alcalde, ou o órgano no que delegue, poderá tamén realizar o recoñecemento da obriga e liquidación de crédito, sempre que exista dotación orzamentaria específica para o devandito gasto, dentro dos limites establecidos na base de execución 24ª e de acordo co seguinte:

b.1) Existe dotación orzamentaria específica cando o orzamento en vigor prevé créditos para gastos concretos e detallados, ben nos créditos iniciais, ben como consecuencia dunha modificación orzamentaria.

b.2) Correspóndelle ao alcalde, ou ao órgano no que delegue, a aprobación dos gastos de exercicios anteriores para os que no orzamento de orixe e no corrente, así como nos intermedios, exista crédito adecuado e suficiente.

2.2.- Nos demais casos, o órgano competente para o recoñecemento de obrigas será o Pleno.

Os recoñecementos imputaranse á aplicación orzamentaria do exercicio corrente.

2.3.- Correspóndelle ao alcalde, ou ao órgano no que delegue, a aprobación de gastos de tracto sucesivo dos que a documentación xustificativa do último período facturado do ano (mensual, trimestral ou outro) recíbese no exercicio seguinte ao da prestación do servizo (enerxía eléctrica, comunicacións telefónicas, contratos de tracto sucesivos e outros de natureza análoga), sen necesidade de tramitación dun recoñecemento extraxudicial.

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

BASE 28ª.- TRAMITACIÓN DE FACTURAS

A tramitación das facturas deberá axustarse ao establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 30/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os órganos administrativos a efectos de facturae, cos seus correspondentes códigos son os seguintes, os cales deberán vin indicados nas facturas dirixidas ao Concello de Porto do Son:

Oficina contable: LA0001841-INTERVENCIÓN
Órgano xestor: LA0001840-ALCALDÍA
Unidade tramitadora: LA0001843-CONCELLO DE PORTO DO SON

A conformidade das facturas realizarase na propia factura coa indicación da súa data, por parte do encargado do servizo, da actuación, que poderá ser un cargo electo ou persoal do concello. A conformidade implica unha declaración de que a actividade que xenera o gasto realizouse efectiva e correctamente, e que se está conforme cos restantes elementos e datos recollidos na factura (unidades, prezos unitarios, etc.).

Segueranse as seguintes regras na conformidade cando esta se realice polo alcalde ou polos concelleiros:

Cando teña lugar un cambio na Corporación ou nos titulares dunha concellería, a conformidade das facturas realizarase polo cargo electo que o sexa no momento de realizar a conformidade e non polo cargo que o era no momento da realización ou execución do gasto. O alcalde/concelleiro que deba conformar a factura poderá, para elo, solicitar a información que precise para coñecer o verdadeiro estado da actuación.

BASE 29ª.- ORDE DE PAGAMENTO

A orde dos pagamentos, é competencia da Alcaldía. Estas deberán acomodarse ao Plan de disposición de fondos, que se estableza polos ordeadores de pagos, aplicándose as prioridades establecidas na normativa vixente:

1. Débeda pública (xuros e capital), que goza de prioridade absoluta fronte a calquera outro pagamento
2. Gastos de persoal
3. Obrigas contraídas en exercicios anteriores

No seu defecto, aplicaranse os criterios de prelación derivados do artigo 74.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que establece como criterio para o despacho dos expedientes a orde de incoación. A data de incoación será a de recoñecemento da obriga.

Esta fase da tramitación administrativa do gasto non ten reflexo na contabilidade.

BASE 30ª.-SUBVENCIÓNS

Para o aboamento das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo ao orzamento, será indispensable que os perceptores estean ao corrente das súas obrigas fiscais co concello, debendo ser acreditado pola Tesourería Municipal, antes do seu pagamento.

CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

BASE 31ª.- ANULACIÓN DE OBRIGAS E DEREITOS RECOÑECIDOS, REINTEGROS DE PAGAMENTOS E RECTIFICACIÓN DE SALDOS DE EXERCICIOS PECHADOS

1.- Corresponderalle ao alcalde ou órgano no que delegue, a aprobación dos seguintes acordos:

- Anulación de obrigas ou dereitos recoñecidos cando se deba a erros materiais, aritméticos ou de feito, independentemente do órgano que as aprobase.
- Anulación de obrigas recoñecidas por duplicidade, independentemente do órgano que as aprobase.
- Anulación de dereitos recoñecidos derivados de liquidacións aprobadas por duplicado, independentemente do órgano que as aprobase, ou situacións equivalentes.
- Aprobación de rectificacións de saldos de exercicios pechados cando se deriven de erros materiais, aritméticos ou de feito, omisión de rexistros contables ou de acordos duplicados, independentemente do órgano que aprobase a operación a rectificar.

2.- O reintegro de pagamentos indebidos seguirá a seguinte tramitación:

2.1.- Procedemento iniciado de oficio polo concello:

- Providencia da Alcaldía
- Informe da Intervención municipal
- Resolución da Alcaldía, ou órgano no que delegue, aprobando o expediente no que se indique o importe obxecto de reintegro, que será notificado ao interesado concedendo un prazo de audiencia de 10 días hábiles
- Informe da Intervención
- Resolución da Alcaldía, ou órgano no que delegue, sobre as alegacións interpostas e co importe a reintegrar na Tesourería do Concello

2.2.- Procedemento iniciado a instancia de parte:

O reintegro de pagamentos indebidos realizado a instancia do interesado non precisará de aprobación posterior para ratificalo, senón que bastará a súa toma de razón na contabilidade. Non obstante, no caso de reintegros asociados a facturas pagadas indebidamente, o reintegro deberá xustificarse cunha factura rectificativa ou de abono, que deberá aprobarse polo órgano competente, unha vez que se lle prestara a conformidade.

A contabilización dos reintegros de pagamentos indebidos deberá facerse, de acordo coa Instrución da Contabilidade Local, que diferencia entre os reintegros de pagamentos de exercicio corrente –que se imputarán ao estado de gastos do orzamento- e reintegros de pagamentos de exercicios pechados –que se imputarán ao estado de ingresos do orzamento-.

As contías obxecto de reintegro terán a consideración de ingresos de dereito público e seralles de aplicación o Regulamento xeral de recadación.

3.- Os supostos de anulación de dereitos ou obrigas recoñecidas ou rectificación de saldos de exercicios pechados non previstos nos supostos anteriores, seguirán a seguinte tramitación:

- Aprobación inicial do acordo polo órgano que aprobase a operación a anular, que será notificado ao interesado, para que nun prazo de 15 días hábiles presente, nun trámite de audiencia, as alegacións que considere oportunas
- Aprobación definitiva do expediente. No caso de que o órgano competente fose o Pleno e non se presentasen alegacións, o acordo inicialmente adoptado entenderase definitivo, sen necesidade dunha nova resolución. O dito acordo será, así mesmo, notificado aos interesados.

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

BASE 32ª.- GASTOS DE CARÁCTER PLURIANUAL

1.- Concepto: Son gastos de carácter plurianual aqueles que estendan os seus efectos económicos a exercicios posteriores a aquel no que se autoricen e sexan comprometidos.

Poderán adquirirse compromisos de gastos con carácter plurianual sempre que a súa execución se inicie dentro do exercicio corrente e que, ademais se atopen comprendidos nalgún dos casos seguintes:

a) Investimentos e transferencias de capital

b) Contratos de subministracións, de asistencia técnica e científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de arrendamento de equipos que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.

c) Aluguer de bens inmobles.

d) Cargas financeiras das débedas desta Entidade.

e) Transferencias correntes derivadas de convenios subscritos con outras entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro

2.- Limitacións: son as previstas no artigo 174 TRLFL.

3.- Competencia: A autorización e disposición de gastos plurianuais corresponderalle ao órgano competente, de acordo coa Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, a base de execución 24ª e demais normativa aplicable, sen prexuízo dos acordos de delegación de competencias.

Cuantificación das anualidades:

1. No suposto de gastos con ingresos afectados plurianuais deberase ter en conta a execución de ingresos e gastos prevista para a determinación das anualidades.

2. Nos restantes supostos, as anualidades virán determinadas polas obrigas que se prevén recoñecer en cada exercicio. Terase en conta o previsto na base de execución 27ª para os gastos de tracto sucesivo, de modo que a última facturación do ano que se aprobará no exercicio seguinte sen tramitar un recoñecemento extraxudicial incluirase no importe da anualidade deste ano. Este criterio aplicarase independentemente de que resulte un importe cero nalgunha das anualidades.

A autorización e o compromiso dos gastos de carácter plurianual subordinaranse ao crédito que para cada exercicio se consignen nos respectivos orzamentos, segundo dispón o artigo 79.2 do RD 500/1.990 do 20 de abril.

En calquera caso, será de aplicación o réxime xeral previsto no artigo 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e artigos 79 a 88 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

BASE 33ª.- PAGAMENTOS A XUSTIFICAR

1.- Definición

No caso de que no momento de expedirse e executarse a orde de pagamento non se poidan presentar os documentos que acrediten a prestación do servizo, estes pagamentos terán o carácter de "xustificar", debendo aplicarse ós respectivos créditos do orzamento.

2.- Límites

Soamente poderán efectuarse "pagamentos a xustificar", nas seguintes ocasións:

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

a) Que o perceptor non teña pendente fondos librados a xustificar.
b) Que non sexan destinados a "operacións de capital".
c) Que o perceptor non teña pendente de xustificar cantidade algunha polo mesmo concepto.
d) Que non se destinen a atender gastos de modalidade periódica, os cales terían a consideración de "anticipos de caixa fixa".
e) Límite cuantitativo: O 20 por cento do nivel de vinculación xurídica.

3.- Tramitación da concesión

a.- Solicitude: os pagamentos a xustificar deberán ser obxecto de solicitude polo concelleiro ou persoal da área correspondente, indicando os motivos polos que non é posible a documentación acreditativa da prestación do servizo con anterioridade ao seu pagamento, a natureza do gasto e o seu importe.

b.- Aprobación: a aprobación da concesión do pagamento a xustificar correspóndelle á Alcaldía ou órgano no que delegue, tralo informe de Intervención: Os fondos serán librados en efectivo, mediante talón nominativo ou a través da conta corrente de titularidade municipal na que figure o habilitado do pagamento a xustificar como autorizado para tales supostos. A aprobación do pagamento a xustificar realizarase unha vez aprobada a autorización e compromiso do gasto polo órgano competente. No caso de que sexa a Alcaldía, poderase realizar no mesmo acto administrativo de aprobación do pagamento a xustificar (documento ADO), de acordo coa base de execución 25ª.

4.- Pagamentos a terceiros.

Remisión de información sobre os pagamentos a terceiros: o habilitado quedará obrigado a presentar información sobre os pagamentos a terceiros cos fondos librados a xustificar tan pronto como se realicen e en todo caso antes da aprobación da conta xustificativa, co obxecto de cumprir o réxime contable previsto na Instrución de contabilidade.

A dita información deberá comprender a seguinte documentación deberá estar formada polos xustificantes de recepción dos terceiros ou extractos bancarios que poñan de manifesto a transferencia realizada ao terceiro perceptor, con indicación do concepto de gasto.

5.- Réxime de xustificación

5.1.- Estes perceptores quedarán obrigados a xustificar a aplicación das cantidades recibidas por este concepto, no prazo máximo de tres meses e, en todo caso, antes do 31 de decembro do exercicio corrente. O contido da conta xustificativa será o seguinte e será sometida á aprobación da Alcaldía, despois do informe da Intervención municipal.

- Facturas ou outros documentos xustificativos acreditativos do gasto ou actividade realizada, en función da natureza dos fondos librados a xustificar
- Xustificantes de recepción do terceiro ou extractos bancarios acreditativos do pagamento dos gastos, indicando o seu concepto, nos supostos nos que non fosen achegados con anterioridade, en cumprimento do punto cuarto da presente base.
- No caso de que os pagamentos a xustificar se destinen a axudas, premios ou subvencións, deberase presentar a conta xustificativa que corresponda. No caso dos premios a conta xustificativa consistirá, con carácter xeral, en:
    - Solicitudes e/ou relación de inscritos
    - Acta do xuíz/xurado
    - Xustificantes de recepción dos premiados

Se polas características do premio fose máis conveniente outro réxime de xustificación, deberá aprobarse polo órgano concédente.

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

5.2.- No caso de que os documentos xustificativos non acaden o importe do pagamento a xustificar, a conta xustificativa deberá incluír a documentación acreditativa do exceso na Tesourería municipal.

BASE 34ª.- ANTICIPOS DE CAIXA FIXA

Os fondos librados "a xustificar" co carácter de anticipos de caixa fixa regularanse polas seguintes normas:

A. Ámbito: o réxime de anticipos de caixa fixa poderán aplicarse nos seguintes centros ou servizos municipais

i. Oficinas xerais e Tesourería
ii. Servizos sociais, para pagamento de axudas que non poidan xustificarse con carácter previo
iii. Museo Marea

Logo do informe da Intervención, o alcalde poderá ampliar o número de servizos acollidos ao réxime de anticipos de caixa fixa.
Os anticipos de caixa fixa destinaranse exclusivamente a atender gastos correntes de carácter periódico ou repetitivo tales como:

- Reparacións, mantemento e conservación: gastos imputables ao artigo 21 do estado de gastos
- Material, subministros e outros: gastos imputables ao artigo 22 do estado de gastos
- Indemnizacións por razón do servizo: gastos imputables ao artigo 23 do estado de gastos
- Excepcionalmente, a gastos de carácter periódico e repetitivo do capítulo 4 do estado de gastos.

B. Contía: os anticipos de caixa fixa, en función dos gastos a satisfacer con cargo ós mesmo, poderán alcanzar unha contía máxima de 3.000 euros por habilitado autorizado.

C. Situación dos fondos: para situar os fondos correspondentes a cada centro ou servizo como anticipo de caixa fixa, o libramento realizarase en efectivo ou mediante a apertura dunha conta corrente nunha entidade bancaria, individualizada por centro ou servizo co título *Concello de Porto do Son. Centro ou servizo ".....". Anticipo de caixa fixa*, no que se determinará como autorizado á disposición dos fondos o habilitado. Os fondos situados en tales contas terán a tódolos efectos carácter de fondos públicos municipais e os seus xuros ingresaranse nos conceptos do capítulo 5 do orzamento municipal.

D. Disposición de fondos: as disposicións de fondos, efectuaranse en efectivo, mediante cheques nominativos ou transferencias bancarias, autorizadas polas sinaturas das persoas designadas ao efecto mediante resolución da Alcaldía. Os gastos para os que os pagamentos se realizan con fondos a xustificar, serán acordados polos responsables de cada centro ou servizo. Nos xustificantes de pagamento farase constar o número do cheque ou transferencia no que se materializou a operación ou coa correspondente carta de pagamento.

E. Control:

a.- Pagamento a terceiros: mensualmente presentarase polo habilitado unha relación dos pagamentos realizados a terceiros cos fondos do anticipo de caixa fixa, mediante cartas de pagamento ou documentos equivalentes, talóns ou extractos bancarios, sinalando o concepto de

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

gasto de que se trate. A dita obriga realizarase, en todo caso, coa presentación da conta xustificativa. En todo caso, antes do 31 de decembro deberán estar rexistrados todos os pagamentos, de acordo coa Instrución de contabilidade. Os gastos que a 31 de decembro estean realizados polo caixeiro pendentes de xustificación seguirán o réxime contable seguinte: cargarase a conta representativa do gasto con abono á conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento".

b.- Conta xustificativa e reposición de fondos: cando as necesidades de tesourería aconsellen a reposición de fondos, e con anterioridade ao 31 de decembro do exercicio corrente, presentarase conta xustificativa do anticipo de caixa fixa comprensiva da seguinte documentación:
- Documentos xustificativos de realización do gasto, de acordo coa base de execución 23ª
- Documentos acreditativos da realización do pagamento (carta de pagamento ou equivalente, estado demostrativo do movemento da conta bancaria e saldo desta, talóns nominativos)

A aprobación da conta xustificativa incluirá a aprobación da reposición de fondos polo importe xustificado.

En calquera momento, a Intervención poderá solicitar estados de situación das mencionadas contas con carácter extraordinario e referidos a datas concretas.

F. Cancelación: a cancelación do anticipo de caixa fixa realizarase mediante resolución da Alcaldía ou órgano no que delegue, tralo informe de Intervención e esixirá a presentación da conta xustificativa, xunto co reintegro das contías non utilizadas.

G. Contabilidade: o seguimento contable dos anticipos de caixa fixa farase na forma prevista na nova Instrución de contabilidade para a Administración local, de acordo cos esquemas contables facilitados dende a Deputación provincial da Coruña no exercicio do soporte contable proporcionado ao Concello de Porto do Son.

BASE 35ª. MODIFICACIÓN DO ANEXO DE INVESTIMENTOS

Cando a tramitación das modificacións orzamentarias reguladas no capítulo 3 do título II das presentes bases de execución, supoñan unha alteración do Anexo de investimentos, a dita modificación seguirá a mesma tramitación que a da modificación orzamentaria que a orixina.

CAPÍTULO 2. NORMAS REGULADORAS DE DETERMINADOS INGRESOS

BASE 36ª.- XESTIÓN, LIQUIDACIÓN E RECADACIÓN DE INGRESOS

1.- En relación cos actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, observaranse as seguintes prescricións.

a) Finalizados os prazos de ingreso en voluntaria, pola recadación relacionaranse os valores en recibo non pagados, as cales pasarán a Tesourería para ser providencias de constrinximento e seguir o procedemento de cobro en vía executiva.

b) Os ingresos que se efectúen directamente na Tesourería, segundo a liquidación que previamente se formulara, realizaranse mediante a correspondente orde de ingreso, ou talón de cargo, librando a correspondente carta de pagamento ou recibo xustificante do ingreso.

c) Correspóndelle ao alcalde ou órgano no que delegue a aprobación dos padróns, matrículas e listas cobradoras, as baixas de toda clase de dereitos recoñecidos, o mesmo que as anulacións e devolucións de ingresos, todo iso tanto de exercicio corrente como de exercicios pechados, sen prexuízo dos acordos de delegación de competencias.

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

d) A contabilización do recoñecemento de dereitos, así como o seu ingreso e os movementos de tesourería, poderá atribuírselle pola Intervención a traballadores da Tesourería Municipal, que a supervisará nestas funcións concretas.

BASE 37ª.- INGRESOS PROVENIENTES DE SUBVENCIÓNS E OUTROS

Os recursos que se refiran a subvencións procedentes de outras entidades, así como os de dereito privado e os relativos a operacións de crédito, para a financiamento de obras e servizos, deberán ser xustificados e non poderán ser aplicados a atencións distintas daquelas para as que foron destinados.

BASE 38ª. APELACIÓN Ó CRÉDITO A LONGO PRAZO

A apelación ó crédito esixirá autorización do órgano competente da Comunidade Autónoma cando corresponda de conformidade co artigo 53 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

O órgano competente e quórum necesario para a aprobación do cambio de finalidade dos préstamos a longo prazo serán os esixidos para a concesión da operación de crédito correspondente.

Cando un proxecto de gasto estea financiado con ingresos procedentes de endebedamento e sexa necesario modificar a súa estrutura de gasto do mesmo polos supostos que se indican, non será preciso aprobar un cambio de finalidade do préstamo.

- Modificación dos importes dos créditos orzamentarios das aplicacións existentes
- Necesidade de crear ou suprimir aplicacións orzamentarias

Tampouco será preciso aprobar un cambio de finalidade dun préstamo cando pase a financiar crédito doutro proxecto de gasto que responda á mesma finalidade daquel que cede crédito financiado con endebedamento.

Nestes supostos enténdese que a finalidade do préstamo está vinculada ao proxecto no seu conxunto e non a cada un dos créditos orzamentarios que o constitúen.

CAPÍTULO 3. FUNCIÓN FISCALIZADORA

BASE 39ª. EXERCICIO DA FUCIÓN FISCALIZADORA

a.- Exercicio: a función fiscalizadora será desempeñada polo interventor e os funcionarios adscritos á Intervención, de acordo co disposto nos seguintes artigos:

- Artigo 92bis.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Artigo 213 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro e disposicións concordantes

b.- Exención de fiscalización previa

- Gastos de material non inventariable, contratos menores e contratos periódicos e demais de tracto sucesivo, unha vez intervido o gasto correspondente ó período inicial do acto ou contrato ou modificacións do dito das que deriven.

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

- Outros gastos menores de 3.005,06 euros que, de acordo coa normativa vixente, se fagan efectivos a través do sistema de anticipos de caixa fixa.

c.- Fiscalización previa limitada

1) Para os gastos de persoal, a fiscalización limitará a comprobación dos seguintes extremos:

- Existencia de crédito axeitado e suficiente e que o proposto é o adecuado á natureza do gasto.
- Que as obrigas de gasto apróbanse polo órgano competente.
- As variacións con respecto do expediente de nómina previo.

2) No caso de fiscalización de expedientes nos que a proposta derive dunha proposta dun órgano colexiado (mesa de contratación, tribunal cualificador de selección de persoal, comisión avaliadora para a concesión de subvencións, etc.), a fiscalización da mesma pola Intervención Municipal limitarase a comprobar:

- Que nela ponse de manifesto que os expedientes admitidos reunían os requisitos esixidos para elo.
- Que utilizáronse os criterios de valoración establecidos na normativa reguladora correspondente.
- O cumprimento da aplicación doutros requisitos esixidos pola normativa de aplicación.
- Non será obxecto de fiscalización o resultado da cualificación do órgano colexiado correspondente, salvo erro manifesto para o que non se precise especialización algunha.

d.- Fiscalización de ingresos

A fiscalización previa do recoñecemento de dereitos substituirase pola súa toma de razón na contabilidade, de acordo co previsto no artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. A posteriori, a Intervención realizará as actuacións comprobatorias oportunas mediante técnicas de mostraxe ou auditoría.

CAPÍTULO 4. CONTABILIDADE

BASE 40ª. LIQUIDACIÓN DOS ORZAMENTOS

A liquidación dos orzamentos porá de manifesto o indicado no artigo 93 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril.

Corresponderá ao alcalde, logo do informe da Intervención, a aprobación da liquidación do orzamento.

A efectos de calcular o remanente líquido de Tesourería, terase en conta a regulación dos artigos do 101 ao 103 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, referíndose os dereitos pendentes de cobro, as obrigas pendentes de pagamento e os fondos líquidos referidos a 31 de decembro. Para estes efectos, consideraranse dereitos de difícil ou imposible recadación, cumprindo o sinalado no artigo 193bis do TRLFL, os seguintes:

- O 100 por cento dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados
- O 15 por cento dos dereitos pendentes de cobro do exercicio corrente

Sen prexuízo dos criterios de cálculo indicados, cando existan situacións excepcionais que aconsellen considerar como de difícil recadación dereitos pendentes de cobro que polos cálculos anteriores non teñan tal consideración, realizarase motivadamente o correspondente deterioro de valor de créditos co fin de acadar o principio de imaxe fiel que establece a normativa contable.

O importe da conta 413, relativa a gastos pendentes de aprobación, calcularase de acordo cos seguintes criterios:

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

- Computaranse os gastos pendentes de aprobación a 31 de decembro de do exercicio anterior, cando sexa posible a súa cuantificación a dita data.
- Computaranse as facturas pendentes de aprobación a 31 de decembro do exercicio anterior que fosen rexistradas nese exercicio contable, exceptuando aquelas das que existe unha resolución pola que a factura non teña conformidade.

Para levar a cabo o peche do orzamento, poderanse emendar todo tipo de erros contables e aplicacións de pagamentos/ingresos pendentes de aplicación mediante resolucións no exercicio seguinte ao cal se liquida con data contable do exercicio a pechar, en tanto non se produza o peche formal do mesmo.

Aos efectos de calcular as desviacións de financiamento dos diferentes proxectos de gasto con financiamento afectado relativos a gastos de persoal de carácter continuado, teranse en conta os seguintes criterios:

- Computaranse como gasto relativo ao período subvencionado os gastos que contablemente acaden a fase O, aínda que, no caso das pagas extraordinarias, afecten parcialmente a outro período diferente
- Para o suposto do ADL, computarase como período de xustificación, o ano natural.

BASE 41ª. CONTA XERAL DA ENTIDADE LOCAL

A formación e contido da Conta Xeral realizarase pola Intervención municipal, conforme aos artigos 208, 209 e 211 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo e a Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

En canto ao procedemento de aprobación da conta xeral, terase en conta o artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

A conta xeral será remitida aos órganos competentes da Comunidade Autónoma e o Estado, así como ó Tribunal de Contas, coa documentación sinalada na Instrución do modelo normal de contabilidade local.

TÍTULO IV. GASTOS DE PERSOAL

CAPÍTULO 1. NORMAS XERAIS

BASE 42ª.- RETRIBUCIÓNS DO PERSOAL

Nesta materia estarase ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado do 2016.

De acordo coa citada normativa, no ano 2016 as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 1 por cento respecto ás vixentes a 31 de decembro de 2015, en termos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

A masa salarial do persoal laboral incrementarase na porcentaxe máxima prevista no parágrafo anterior.

Todo elo sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grado de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo.

Rúa Atalala,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

As actualizacións das retribucións tanto do persoal funcionario, laboral como eventual recóllense no anexo de persoal que se acompaña ao orzamento de 2016.

BASE 43ª.- RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

1.- O procedemento para a determinación das retribucións dos membros da Corporación será o previsto nos artigos 75 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. As retribucións vixentes acordada polo Pleno da Corporación municipal en sesión de data 25 de xuño de 2015 efectivas en 12 pagas ordinarias e 2 extraordinarias nos meses de xuño a decembro, sen prexuízo de modificación posterior son, unha vez aplicado a porcentaxe de incremento do 1 por cento:

- Adicación exclusiva do alcalde: retribución bruta anual de 39.693 € (2.835,22 € en cada paga ordinaria e 2.835,18 € en cada extraordinaria)
- Adicación parcial da concelleira de Facenda, Persoal e Servizos Administrativos: retribución bruta anual de 24.947 € (1.781,93 € en cada paga ordinaria e 1.781,92 € en cada extraordinaria)
- Adicación parcial da concelleira de Servizos Sociais, Sanidade e Educación: retribución bruta anual de 19.796 € (1.414 € en cada unha das 14 pagas)
- Adicación parcial do concelleiro de Promoción Económica, Emprego, Xuventude, Seguridade e Protección Civil: retribución bruta anual de 24.947 € (1.781,93 € en cada paga ordinaria e 1.781,92 € en cada extraordinaria)
- Adicación parcial do concelleiro de Deportes, Cultura, Turismo e Relacións Veciñais: retribución bruta anual de 24.947 € (1.781,93 € en cada paga ordinaria e 1.781,92 € en cada extraordinaria)

2.- Aos membros da Corporación municipal que desempeñen os cargos en réxime de dedicación exclusiva e parcial, e polo tanto sexan dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, en situación de incapacidade temporal aplicaráselle o réxime acordado para os empregados públicos municipais polo Pleno da Corporación municipal na súa sesión extraordinaria de 9 de outubro de 2012.

BASE 44ª.- INDEMNIZACIÓNS

1.- Persoal:

a) Indemnizacións por razón do servizo con carácter xeral.- Aplicarase o RD 462/2002, do 24 de maio que regula as indemnizacións por razón do servizo.

De acordo coa Disposición adicional décimo oitava. Indemnizacións por razón do servizo do persoal destinado no estranxeiro da LPXE para o ano 2016, durante dito exercicio orzamentario, queda suspendida a eficacia do artigo 26.3 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

b) Comisión de servizo.- A designación de comisións de servizo con dereito a indemnización corresponde a Alcaldía. Os gastos derivados da asistencia a cursos a que se refire o artigo 7 do RD 462/2002, serán indemnizables nos termos indicados no dito artigo.

c) Gastos de desprazamento.- Si se autorizase o uso de vehículo propio, a correspondente indemnización a base de 0,19 €/km percorrido e, en todo caso, a regulación prevista na normativa estatal aplicable, incluíndo, en todo caso, gastos de peaxe, aparcadoiro e ORA.

2.- Corporativos:

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

2.1.- Os corporativos con dedicación exclusiva ou parcial non terán dereito a percibir asistencias pola concorrencia ás reunións do Pleno, Xunta de Goberno, Comisión Especial de Contas e Xunta de Coordinación de Concelleiros Delegados.

A asistencia efectiva dos demais membros da Corporación a cada unha das sesións que celebren os órganos colexiados valoraranse economicamente nas seguintes contías:

- Pleno: 60 €
- Comisión Especial de Contas: 60 €
- Comisións Informativas: 45 € (no caso de celebrarse no mesmo día sesións de varias comisións informativas, establécese o límite dunha asistencia por concelleira/concelleiro)
- Xunta de Coordinación de Concelleiros Delegados: 150,00 €

2.4.- Axudas de custo e gastos de desprazamento.

Neste aspecto, será de aplicación a normativa prevista no RD 462/2002, considerando os cargos electos como grupo 1 aos efectos de determinar os importes das indemnizacións por razón do servizo.

Non obstante, por autorización expresa da Alcaldía, os cargos electos poderán ser resarcidos pola contía exacta dos gastos realizados que sexan necesarios para o exercicio das súas funcións, de acordo coa xustificación documental correspondente, que deberá realizarse na maneira regulamentariamente prevista.

As comisións de servizos dos corporativos serán ordenadas polo alcalde.

CAPÍTULO 2. NORMAS SOBRE A OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO E CONTRATACIÓN DE PERSOAL

BASE 45ª. OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO. PERSOAL CONTRATADO E INTERINO

Nesta materia estarase ao disposto na Lei de orzamentos xerais do Estado do 2016.

TÍTULO V. SUBVENCIÓNS

BASE 46ª. SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS E DIRECTAS

Subvencións nominativas.

No orzamento municipal para o exercicio 2016 contémplanse as seguintes subvencións nominativas, coa indicación do importe e a aplicación orzamentaria á que se imputan:

- 334.48904. Toxosoutos, S.L. (B15400062). Premio de Historia Medieval. Importe: 500 €. Coeficiente de financiamento: 1.
- 341.48900. Agrupación Deportiva Porto do Son (G15807118). Carreira Sin-Son. Importe: 15.000 €. Coeficiente de financiamento: 0,80.
- *231.48900. Misela (Asociación de persoas con discapacidade da comarca de Noia e Muros) (G15450208). Transporte de persoas usuarias ao centro e celebración do Día Mundial do Síndrome de Down o 21/03/2016. Importe: 1.500 €. Coeficiente de financiamento: 0,80.*
- *231.48900. Asociación ÁMBAR das persoas con Diversidade Funcional (G15052434). Campaña informativa e divulgativa sobre a discapacidade*

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

(prevención primaria). Importe: 1.500 €. Coeficiente de financiamento: 0,80.

- *231.48900. Asociación Pro Saúde Mental A Creba (G15476310). Transporte de persoas usuarias ao centro e celebración do Día Mundial da Saúde Mental o 10/10/2016. Importe: 1.500 €. Coeficiente de financiamento: 0,80.*
- *231.48900. Asoc LOA de Porto do Son (G15480270). Cobertura necesidades básicas. Importe: 1.500 €. Coeficiente de financiamento: 0,80.*
- *231.48900. Cáritas Parroquial de Goiáns (R1500053B). Cobertura necesidades básicas. Importe: 1.500 €. Coeficiente de financiamento: 0,80.*
- *231.48900. AMICOS Asociación de familias de persoas con discapacidade funcional (G15747678). Transporte de persoas usuarias ao centro e celebración do Día Internacional das persoas con discapacidade o 03/12/2016. Importe: 1.500 €. Coeficiente de financiamento: 0,80.*

Unha vez entrado en vigor o orzamento de 2016, poderase levar a cabo a tramitación das subvencións nominativas anteriores, ben de oficio, ben a instancia de parte.

O instrumento polo que se regulará a subvención será, ben un convenio, ben o acordo de concesión. O seu contido mínimo será o relacionado no artigo 10.3 da Ordenanza reguladora da concesión de subvencións por parte do concello a asociacións e entidades sen fin de lucro e ás comisións de festas das distintas parroquias.

No expediente deberá constar a documentación relativa ás actuacións preparatorias que se relaciona no artigo 10 da devandita Ordenanza.

O coeficiente de financiamento máximo das subvencións para actividades correntes é de 0,80, salvo que se estableza outro diferente nestas bases ou nas bases reguladoras da subvención. No caso de concesión de subvencións en especie será de 1.

O réxime de pagamento da subvención será o previsto no artigo 14 da antedita Ordenanza. No caso da subvención a favor de Toxosoutos, a subvención pagarase con carácter previo á presentación da conta xustificativa, sen que sexa necesaria a presentación de garantía.

Outras transferencias

Así mesmo, anualmente concédese unha achega de 360,00 euros ao concello que organice a concesión do Pemio Blanco Amor, tramitándose como unha transferencia que ten como trámites unicamente o acordo de concesión e pagamento.

BASE 47ª. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS

O outorgamento de subvencións poderá seguir dous procedementos: réxime de concorrencia competitiva e réxime de concesión directa.

A concesión de subvencións por parte do Concello de Porto do Son deberá respectar os preceptos establecidos na seguinte normativa:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, pola que se aproba a Lei xeral de subvencións
- Normativa municipal que se aprobe polo Concello de Porto do Son
- Bases reguladoras das subvencións concretas ou convenios que as regulen, de acordo co procedemento de concesión
- Demais normativa que sexa aplicable

BASE 48ª.-XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia,7. 15970
Porto do Son (A Coruña)
CIF: P1507200B
Tfno: 981-867412
Fax: 981-767358

1. Para o aboamento das subvencións ou axudas económicas que se poidan conceder polos órganos competentes, con cargo ao orzamento, será indispensable acreditar polos perceptores estar o corrente das súas obrigas fiscais coa entidade que as concede.

Ademais do anterior, os perceptores de subvencións deberán presentar, como xustificante da realización do obxecto da subvención e do correspondente gasto, a seguinte documentación, sen prexuízo da normativa específica:

-. Factura oficial orixinal emitida pola empresa ou entidade na que se fixo o gasto, por un importe, como mínimo, igual ao da cantidade subvencionada.

-. Acreditación de que o total de ingresos percibidos para a actividade subvencionada non supera o total de gastos da dita. No caso de asociacións sen ánimo de lucro ou outras persoas xurídicas, deberá presentarse certificado do secretario, que verifique o cumprimento de tal requisito.

-. Acreditación de que o beneficiario está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e será suficiente para aquelas subvencións que non superen os 3.000,00 euros, consideradas individualmente, unha declaración responsable do representante do beneficiario.

-. Aos beneficiarios de subvencións que non cumpran o deber de presentar conta xustificativa da subvención, tramitaráselle expediente de reintegro ou anulación do compromiso de achega. De non haber prazo establecido, entenderase que este será dun ano desde a notificación da concesión da subvención.

-. En todo caso para o non previsto nestas bases, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de setembro, xeral de subvencións, así como o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, que a desenvolve.

2. En canto á execución orzamentaria das subvencións, premios ou axudas en especie, seguiranse os seguintes criterios:

- Previamente á convocatoria deberá terse realizado o documento RC
- A tramitación da concesión da subvención, axuda ou premio en especie dará lugar a dous expedientes diferenciados e relacionados: o expediente de concesión da subvención, axuda ou premio, por un lado; e a tramitación do ben ou servizo obxecto da subvención, axuda ou premio, por outro
- A restante execución orzamentaria do gasto realizarase en función da tramitación da contratación da obra, subministro ou servizo obxecto da subvención
- A tramitación do procedemento de concesión da subvención, axuda ou premio en especie non terá efectos contables, agás a entrega do activo inventariable, que, no seu caso, causará a correspondente baixa da contabilidade mediante un asento directo.

DISPOSICIÓN FINAL

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación o disposto na Lei de facendas locais, Regulamento orzamentario, Instrución de contabilidade e disposicións complementarias.

Porto do Son, 18 de decembro de 2015

O alcalde

ALCALDÍA DE PORTO DO SON

Asdo.: José Luis Oujo Pouso